



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEÍMER E OUTRAS DEMENCIAS (FAGAL), PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS CUNHA DEMENCIA NEURODEXENERATIVA E ÁS SÚAS FAMILIAS NO EXERCICIO 2020

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social, nomeada polo Decreto 98/2018, do 26 de setembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, con DNI 36073858Z, que actúa en nome e representación da Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias (FAGAL), con NIF G15656739, en virtude da súa condición de presidente dela, de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos seus estatutos tal como consta no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto na Lei de contratos do sector público e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

IV. Que a entidade FAGAL figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1126, tendo por finalidade promover o desenvolvemento e o cumprimento dos fins das asociacións integradas nela e promover actuacións destinadas a mellorar a situación das familias e unha mellor atención aos enfermos.

V. Que actualmente faise preciso establecer medidas orientadas ao apoio as persoas en situación de dependencia con demencias neurodexenerativas, e as súas familias a través de recursos que amplíen os servizos existentes, dado que son as familias as que desenvolven unha importante labor complementaria á rede pública de recursos da Administración, sendo o pilar fundamental onde se sustenta o coidado das persoas en situación de dependencia, especialmente naqueles espazos onde a implantación de servizos e programas específicos é débil.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración coa entidade FAGAL para contribuír ao financiamento das actuacións relacionadas coa atención a persoas con demencias neurodexenerativas e as súas familias.

VI. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, a entidade FAGAL é a única federación de iniciativa social e de ámbito autonómico que desenvolve no ámbito da Comunidade Autónoma galega un programa de asesoramento e apoio a entidades de iniciativa social adicadas á atención aos familiares de enfermos de alzhéimer e outras demencias en Galicia, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver esa atención.

Estas actuacións teñen un carácter especializado e diferenciado con respecto ás





actividades derivadas do funcionamento ordinario da propia entidade FAGAL. Trátase dun programa experimental que parte da avaliación e selección de posibles beneficiarios e o correspondente análise de resultados do mesmo.

É este carácter experimental e non programado inicialmente o que diferencia este programa do resto das actividades financiadas coa subvención nominativa que contempla o convenio previsto a tal efecto.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas nas súas cláusulas primeira e segunda; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo o programa de atención integral a persoas cunha demencia neurodexenerativa e ás súas familias en orde ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia das actividades de atención integral a persoas cunha demencia neurodexenerativa e ás súas familias que FAGAL ten previsto desenvolver, entre outras, durante o ano 2020.

Trátase de mellorar a calidade de vida das persoas con demencia neurodexenerativa e dos seus familiares e/ou coidadores principais, a través de dous proxectos diferenciados:

1.- Atención diúrna a persoas cunha demencia neurodexenerativa a través de terapias non farmacolóxicas co fin de demorar os síntomas da enfermidade e manter as capacidades funcionais durante o maior tempo posible. As áreas principais de traballo son a atención, orientación, linguaxe, memoria, funcións executivas e habilidades sociais. Previamente á participación no programa realizase unha valoración inicial cognitiva, funcional, psicolóxica e social de cada persoa usuaria para coñecer o seu estado actual e valorar a súa adecuación nas actividades. Todas as actividades desenvolveranse nas instalacións das asociacións





federadas que están totalmente adaptadas. Os obxectivos destas actividades son:

- Manter durante o maior tempo posible a autonomía cognitiva da persoa que padece unha demencia neurodexenerativa.
- Manter durante o maior tempo posible a autonomía funcional da persoa que padece unha demencia. Ralentizar o proceso da enfermidade a través das terapias non farmacolóxicas.
- Facilitar un tempo de respiro aos coidadores de persoas con demencia.
- Diminuír os niveis de sobrecarga nos familiares coidadores
- Favorecer a permanencia do usuario na contorna habitual

2.- Apoio e formación a familiares de persoas cunha demencia neurodexenerativa. Trátase de proporcionar un apoio personalizado e continuado a persoa coidadora durante o proceso da enfermidade. Por outro lado, os grupos de axuda mutua serven como un espazo de expresión de sentimentos e vivencias entre familiares que lles axuda afrontar e solucionar problemas co que se pretende:

- Promover pautas de autocoidado das persoas coidadoras.
- Ampliar a rede de apoio social da persoa afectada e coidadora.
- Crear un espazo seguro de intercambio de vivencias cos profesionais e coas demais familias
- Diminuír o nivel de sobrecarga emocional e inqueda dos familiares.
- Facilitar coñecemento acerca da enfermidade, diagnóstico, fases e tratamento do

alzhéimer e outras demencias

SEGUNDA.- Actuacións subvencionables

- Estudio de demanda
- Selección e avaliación dos beneficiarios
- Realización de obradoiros de estimulación cognitiva
- Atención psicosocial individual
- Grupos de axuda mutua de familiares de persoas cunha demencia neurodexenerativa





- Formación en materia de alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas
- Avaliación das persoas participantes
- Análise de resultados

FAGAL terá que cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

TERCEIRA: Orzamento

Para o cumprimento da finalidade prevista deste convenio a Consellería de Política Social achegará cento cincuenta mil euros (150.000,00 €) que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

CUARTA.- Obrigas da entidade

FAGAL deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora previstos no artigo 10 da Lei 9/2007; do 13 de xuño, sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

1. Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
3. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedinte, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Comunicarlle á entidade concedinte a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá





efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

7. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

8. Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

QUINTA.- Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA.- Compatibilidade con outras axudas





A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

SÉTIMA: Forma de pagamento

1.- Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2.- Son gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución do convenio, así como o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada e derivado das contratacións de servizos precisas para a debida execución.

A estes efectos, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación previsto na cláusula oitava.

3.- Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor.

4.- Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.

5.- O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a Entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:





a) Efectuarase un pagamento do 10% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

b) Ata o 80% do total da subvención concedida (incluíndo nesta porcentaxe a contía pagada con carácter de anticipo) poderán acordarse ata cinco pagamentos parciais, a medida que o beneficiario xustifique ter realizado un gasto equivalente, mediante certificación do responsable da entidade xunto coa documentación recollida no apartado b) da cláusula sétima.

c) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do convenio e aportando a documentación indicada na cláusula oitava.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte do interesado, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA: Documentación xustificativa

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2020**.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución do convenio, así como o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada, así como o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada e derivado das contratacións de servizos precisas para a debida execución.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias





facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.

A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades do convenio e en todo caso con data límite 10 de decembro do 2020, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia:

a) Unha memoria final das actuacións desenvolvidas en execución deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, nº de persoas beneficiarias en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.
- Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.
- Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.
- Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia no suposto de gastos de importe superior a 15.000 € pola prestación de servizos de consultaría ou asistencia técnica, deba ter solicitado o beneficiario.





- Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por un **auditor de contas** inscrito como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o **informe da revisión efectuada polo auditor de contas**, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

- Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución do convenio previstas na cláusula primeira, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables.
- Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada no apartado b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria da subvención deberá marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos orixinais xustificantes do gasto, indicando "Subvencionado pola Consellería de Política Social" e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.
- Verificación do cumprimento do disposto na cláusula décimo segunda en relación coas actividades subcontratadas, no seu caso.
- Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula e na cláusula sétima deste convenio.
- Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.
- Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.





A persoa beneficiaria da subvención estará obrigado a pór a disposición do auditor de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei de subvencións de Galicia, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día 10 de decembro de 2020. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Excepcionase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas de decembro, TC's da Seguridade Social de novembro e decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2020, que se presentará mediante adenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2021.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte do interesado, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada pola persoa con capacidade da entidade FAGAL.

NOVENA.- Incumprimentos, reintegros e sancións

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.





Incumprimento parcial, sempre que non se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social poderá apreciar un incumprimento e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade subvencionable obxecto do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMA.- Inexistencia de relación laboral

FAGAL queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

FAGAL asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de levar a cabo as actividades establecidas no convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais, reservándose as dúas partes contratantes deste convenio o dereito ao exercicio das accións pertinentes tanto resolutorias como indemnizatorias no suposto de paralización dalgunha actividade.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Subcontratación

FAGAL é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actividades, ata unha porcentaxe do 100 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio nos termos do establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. A mencionada





subcontratación ten por obxecto cumprimentar as actuacións precisas para a debida execución do convenio nos termos previstos na memoria económica.

FAGAL, no seu caso, comunicará, a subcontratación á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- Comisión de seguimento e control

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectados polo mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e dous representantes de FAGAL. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola a Consellería de Política Social.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. O réxime de nomeamento e suplencia farase conforme a lei.

DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2020.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

DÉCIMO CUARTA.- Obrigas da publicidade

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto





126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO QUINTA.- Información básica sobre protección de datos persoais.

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 xeral de Protección de datos.

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros





dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Así mesmo, a entidade conveniente será responsable do tratamento dos datos e dos consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento xeral de protección de datos aos efectos da súa debida comunicación.

DÉCIMO SEXTA: Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 214/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.

A subscrición deste convenio debe mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co





disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL

**O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN DE
ASOCIACIÓNS GALEGAS DE
FAMILIARES DE ENFERMOS DE
ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS**

Fabiola García Martínez

Juan Carlos Rodríguez Bernárdez

